

XP-22/002

Informe sobre o Plan Básico Municipal de Trabada

O artigo 2.1.a) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, atribúe a este órgano, sen prexuízo das competencias expresamente atribuídas a outros órganos consultivos no eido da Comunidade Autónoma de Galicia e nos termos previstos na súa lexislación reguladora, a competencia para emitir os informes que, con carácter preceptivo, veñan esixidos, expresamente, pola normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

O artigo 64.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo. LSG) establece que *"a persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo procederá á aprobación definitiva do plan básico municipal, logo do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo"*.

Este informe debe emitirse pola Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo en virtude do previsto na disposición derradeira terceira do Decreto 36/2022, do 10 de marzo.

De conformidade co exposto, emítase este informe sobre o Plan Básico Municipal do Concello de Trabada.

I. ANTECEDENTES

1. O 17.03.2017 o Concello de Trabada remitiu un escrito á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no que solicitaba a redacción do Plan Básico Municipal (PBM) do Concello de Trabada por parte da consellería competente en materia de urbanismo.
2. O Concello de Trabada conta con 1.114 habitantes a 01.01.2021 segundo información do Instituto Nacional de Estatística (INE) e non ten aprobado ningún instrumento de planeamento xeral, polo tanto, cumpre cos requisitos da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo, LSG) para a redacción dun PBM.
3. URBEN CONSULTORES S.L. resultou adxudicatario do contrato para a redacción do PBM de Trabada, de acordo co expediente de contratación do primeiro contrato baseado (exp. 32/2019U) no Acordo marco con varios empresarios para o servizo de redacción dos documentos dos Plans Básicos Municipais (exp.16/2018U). O PBM de Trabada correspóndese co lote 3 e o contrato foi formalizado o 08.11.2019, iniciándose o prazo de execución o día seguinte da sinatura.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



II. MARCO NORMATIVO

O artigo 63.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, define os plans básicos municipais como *"os instrumentos de planeamento urbanístico dun termo municipal completo, que se redactarán en desenvolvemento do Plan básico autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral ..."*.

Os referidos plans, segundo o referido precepto, teñen por obxecto *"... a delimitación dos núcleos rurais existentes e dos terreos que reúnan os requisitos exixidos para ser clasificados como solo urbano consolidado. Os plans básicos municipais categorizarán o solo rústico, segundo as delimitacións das afeccións establecidas no Plan básico autonómico."*

Así mesmo, os plans básicos municipais poderán remitir a ordenación detallada de determinadas áreas a un plan especial aprobado con anterioridade declarándoo subsistente, identificándoo con claridade e indicando a súa data de aprobación e publicación. Neste caso, a modificación das determinacións do dito planeamento, seguirá o réxime aplicable á modificación do plan especial."

O Plan básico autonómico foi aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo. Mediante Resolución do 21 de decembro de 2021, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, se aproba a súa actualización (Diario Oficial de Galicia núm. 19 de 28 de xaneiro) coa corrección de erros do 14 de marzo de 2022 publicada no DOG do 30 de marzo de 2022.

O procedemento para a aprobación dos plans básicos municipais regúlase no artigo 64 LSG e no artigo 156 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en diante, RLSG).

III. TRAMITACIÓN

1. De conformidade co procedemento regulado para a aprobación dos Plans Básicos Municipais, no artigo 64 da LSG e no artigo 156 do RLSG, o 15.10.2020 remítese á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito no que se solicita iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do PBM de Trabada, achegando o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico xunto coa solicitude.

2. O 09.07.2020, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático inicia o período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, polo prazo

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



de dous meses, e, simultaneamente, a consulta ás administracións públicas afectadas. Constan nese trámite as seguintes consultas recibidas:

- Deputación de Lugo, informe do 14.08.2020.
- Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), informe do 19.08.2020.
- Augas de Galicia, informe do 27.08.2020.
- Dirección Xeral de Mobilidade, informe do 27.08.2020.
- Dirección Xeral de Enerxía e Minas, informe do 01.09.2020.
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, informe do 11.09.2020.
- Concello de Trabada, informe do 22.09.2020.
- Instituto de Estudos do Territorio (IET), informe do 05.10.2020.
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, informe de 09.10.2020.
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural , informe do 11.11.2020, recibido fora de prazo o 13.11.2020.
- Servizo de Montes de Lugo, informe do 23.02.2021, recibido fora de prazo o 11.03.2021.

No trámite ambiental non se recibiu resposta da Confederación Hidrográfica do Cantábrico Occidental (CHCO), nin da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

3. Tras este período de consultas, o 20.10.2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático emitiu resolución pola que se formulou o Informe Ambiental Estratéxico (IAE) do PBM do Concello de Trabada, no que conclúe non someter ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria a este PBM.

O PBM xustifica a integración das determinacións do Informe Ambiental Estratéxico no documento 06.EXT que se atopa dentro do cartafol de documentación da avaliación ambiental estratéxica (07.AAE).

4. Con independencia do trámite ambiental e con carácter previo á aprobación inicial do PBM, solicitouse informe aos seguintes organismos sectoriais:

- Augas de Galicia: solicitude do 13.08.2020.
- Demarcación de Carreteras del Estado: solicitude do 13.08.2020.
- Confederación Hidrográfica Cantábrico Occidental: solicitude do 13.08.2020.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



- Dirección General de la Costa y el Mar: solicitude do 13.08.2020.
- Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio: solicitude do 13.08.2020.

O 25.08.2020 o Servicio Provincial de Costas de Lugo solicitou a remisión do documento de PBM traducido a castelán, que foi enviado o 14.09.2020, se ben o organismo sectorial non chegou a emitir informe.

O 28.08.2020 recibíuse o informe favorable da Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio da mesma data.

Asemade, solicitouse certificado do Catastro Mineiro de Galicia que foi achegado o 25.11.2021.

5. O PBM de Trabada foi aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 23.03.2021.

6. O 25.03.2021 solicitáronse os informes sectoriais preceptivos ás administracións competentes e o informe determinante do concello. Na mesma data enviouse a comunicación preceptiva prevista no artigo 189 da Lei 3/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas e o 01.06.2022 a prevista no artigo 101 da Lei 5/2011, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Simultaneamente, someteuse a información pública no DOG do 12.04.2021 por un prazo de 2 meses, publicitando o documento a través da web de documentos en información pública da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Territorio_e_urbanismo_Planeamento_urbanistico?content=SX_Ordenacion_Territorio_Urbanismo/Participacion_publica/seccion.html&std=Participacion_publica.html

Asemade, o 12.04.2021 foi publicado o anuncio en dous dos xornais de maior difusión na provincia (El Progreso y La Voz de Galicia).

7. No relativo aos informes sectoriais preceptivos, foi recadado o pronunciamento favorable dos seguintes organismos sectoriais nas datas indicadas:

ORGANISMO/ADMINISTRACIÓN	Data de recepción do informe
Deputación Provincial de Lugo	16.02.2022
Delegación del Gobierno en Galicia. Área de Fomento	29.06.2021
Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Subdirección General de Planificación, Red Transeuropea y	20.04.2021

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



Logística	
Ministerio de Defensa. Subdirección General de Patrimonio	20.04.2021
Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Dirección General de Política Energética y Minas	29.06.2021
Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Confederación Hidrográfica del Miño-Sil	31.03.2021
Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Confederación Hidrográfica del Cantábrico	11.03.2022
Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital. Dirección General de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual	08.09.2021
Instituto de Estudos do Territorio	09.11.2021
Axencia Galega de Infraestruturas	18.03.2022
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	23.02.2022
Augas de Galicia	10.06.2021
Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	06.04.2021
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	29.03.2021
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	07/09/2021
Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación Subdirección Xeral de Recursos Minerais	08.04.2021
Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais	
Redes de Telecomunicación Galegas – Retegal S.A.	30.03.2021
Consellería de Facenda e Administración Pública Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio	02/08/2021
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (no ámbito da súa competencia en materia do Plan de Ordenación do Litoral)	23.02.2022
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (no ámbito da súa competencia en materia de Costas)	05.05.2022
Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico Dirección General de la Costa y el Mar	16.06.2022

Ademais, o 25.03.2021 solicitouse informe sectorial á Dirección Xeral de Planificación e ordenación Forestal e o 15.12.2021 á Demarcación de Carreteras del Estado, se ben, estes organismos non teñen emitido informe.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



A este respecto, o artigo 66 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no que se regulan os informes sobre os instrumentos de ordenación do territorio e sobre o planeamento urbanístico, indica o seguinte:

"(...) O informe deberá de ser emitido no prazo de tres meses. Transcorrido este, entenderase favorable."

E o artigo 16.6 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas, no que se regula a ordenación do territorio e a ordenación urbanística, establece que:

"6. Acordada a redacción, revisión, modificación ou adaptación de calquera instrumento de planificación, desenvolvemento ou xestión territorial, urbanística, ou de protección medioambiental, que pudiera afectar, directa ou indirectamente, ás estradas do Estado, ou aos seus elementos funcionais, por estar dentro da súa zona de influencia, e con independencia da súa distancia a elas, o órgano competente para aprobar inicialmente o instrumento correspondente, deberá poñelo en coñecemento do Ministerio de Fomento, antes de dita aprobación inicial, para que este emita un informe comprensivo das consideracións que estime convenientes para a protección do dominio público. A mesma regra será aplicable tamén ao inicio da tramitación daquelas licenzas que vaian concederse en ausencia dos instrumentos citados. Regulamentariamente se definirá la zona de influencia das estradas do Estado."

O Ministerio de Fomento disporá dun prazo de tres meses para emitir o seu informe, que será vinculante no que se refire ás posibles afeccións á Rede de Estradas do Estado. Transcorrido o dito prazo sen que o informe se evacúese, se entenderá que é conforme co instrumento de que se trate, para o efecto de poder continuar coa súa tramitación. (...)"

Asemade, o 19.04.2022 recibíuse a Resolución da Alcaldía de Trabada do 08.04.2022 que ratifica o informe favorable do arquitecto municipal ao PBM de Trabada do 08.04.2022.

8. No relativo ás alegacións recibidas durante o período de información pública, recibíronse un total de 170 alegacións particulares, das que 156 foron presentadas no Concello de Trabada, 1 no Concello de Noia, 3 no Concello de Ribadeo, 6 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, 3 no Rexistro do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, e 1 mediante correo electrónico.

Consta no expediente informe das alegacións recibidas, asinado o 08.07.2022.

Para a súa identificación no anexo de integración de alegacións da memoria xustificativa do PBM (arquivo 27061_PBM_202207_AD_MX_03.5ANX_ALEGAC), en cumprimento da lexislación aplicable en materia de protección de datos, codificáronse mediante a expresión L3_001, L3_002... (lote 3 e numeración correlativa) e incorporouse para a súa identificación en dito anexo, a identificación catastral e mais o lugar e a parroquia, no seu caso.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



Destacase que, das seis alegacións presentadas no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, catro delas tamén foron presentadas de forma duplicada no Concello de Trabada. O mesmo pasou coas tres presentadas no Concello de Ribadeo, así como a única presentada no Concello de Noia, que acabou sendo presentada outras tres veces no Concello de Trabada con diferentes números de rexistro. Ademais, no propio rexistro electrónico do Concello de Trabada outra alegación tivo seu rexistro duplicado sendo, en conxunto coas demais, un total de 11 alegacións repetidas.

Considerando o total de 170 alegacións recibidas, foron estimadas total ou parcialmente arredor do 74%, segundo os seguintes datos:

Total	170	100%
Estimadas	84	49,41%
Estimadas parcialmente	41	24,12%
Desestimadas	45	26,47%

IV. INFORME

1. O 08.07.2022 o equipo redactor achega por rexistro xeral (núm. Entrada 2022/1797412) o Documento para Aprobación Definitiva do PBM de Trabada, que se compón de dúas carpetas comprimidas, unha para cada soporte dixital preceptivo (PDF e editable):

- 27061_PBM_202207_AD_01PDF
- 27061_PBM_202207_AD_02EDIT

Acredítase a coincidencia entre soportes mediante declaración responsable asinada electronicamente polo equipo redactor, segundo o modelo do anexo 9 das Normas Técnicas de Planeamento urbanístico de Galicia (aprobadas pola Orde do 10.10.2019, e modificadas pola Orde do 8.04.2022, en adiante NNTTPP).

2. En cumprimento do artigo 63.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e do artigo 150 e seguintes do seu regulamento (aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, en adiante RLSG), o PBM de Trabada conta cos seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa das súas determinacións (cartafol 01.MX)
- b) Análise do modelo de asentamento poboacional (cartafol 02.AMAP)
- c) Planos de información (cartafol 03.PINF)
- d) Planos de ordenación urbanística (cartafol 04.PORD)

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



e) Catálogo de elementos que se deben protexer (cartafol 05.CAT)

f) Normativa urbanística (cartafol 06.NU)

Ademais, en relación con outra normativa:

- Incorpora a documentación do trámite ambiental estratéxico simplificado (cartafol 07.AAE):
 - Documento ambiental estratéxico
 - Alternativas ambientais 0, 1 e 2
 - Informe ambiental estratéxico
 - Extracto ambiental e as medidas de seguimento
- A zonificación acústica do territorio, ao abeiro da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas e do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia (cartafol 04.PORD).
- Un estudo da paisaxe, ao abeiro do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se que aproba o regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (cartafol 01.MX, como anexo á memoria xustificativa).
- Unha ficha de vixencia de planeamento, segundo o modelo do anexo 7 das NNTTPP (cartafol 01.MX, como anexo á memoria xustificativa).

3. No tocante ao resultado da tramitación urbanística do PBM de Trabada, logo da súa aprobación inicial, constan dous anexos á memoria xustificativa (cartafol 01.MX) nos que se acredita:

- A integración das consideracións e observacións realizadas nos informes sectoriais preceptivos recibidos logo da aprobación inicial, así como no informe determinante do Concello de Trabada (arquivo 27061_PBM_202207_AD_MX_03.4ANX_INFSEC).

- E a integración das alegacións recibidas durante o período de información pública, identificándoas e indicando o sentido e contido da resposta dada a cada unha delas (arquivo 27061_PBM_202207_AD_MX_03.5ANX_ALEGAC).

4. No tocante ás determinacións do Plan Básico Municipal:

- O PBM de Trabada clasifica dous ámbitos de solo urbano consolidado (artigo 63.2.b da LSG), denominados Trabada e Pedrido. Consta un instrumento de

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



delimitación do solo urbano no Concello de Trabada, aprobado o 08.05.1978, que delimitaba estes mesmos asentamentos, se ben Pedrido aparece identificado como Ría de Abres.

- Delimita 52 núcleos rurais (artigo 63.2.a da LSG), dos que, segundo as fichas da AMAP, 41 son tradicionais (39 mononucleares e 2 de tipo polinuclear), 1 é común e os 10 restantes combinan partes tradicionais e comúns (3 deles de tipo polinuclear).

No núcleo da Fórnea, na parroquia do mesmo nome, consta unha delimitación de núcleo rural aprobada o 10.11.2016 que o PBM declara subsistente, ao abeiro do artigo 149.a) do RLSG, incorporando a súa delimitación física e a súa parcela ou parcelas mínimas.

- Clasifica todas as categorías de solo rústico resultantes da aplicación das lexislacións sectoriais con incidencia sobre Trabada (artigo 63.2.c da LSG), tendo en conta as afeccións sectoriais delimitadas no PBA, e as consideracións establecidas nos informes sectoriais preceptivos.
- Fixa o trazado da rede viaria pública existente e a sinalización de aliñacións (artigo 63.2.d da LSG), tendo en conta as indicacións recibidas nos informes sectoriais das administracións titulares das vías.
- A normativa reproduce no seu anexo I as ordenanzas reguladoras do Plan Básico Autonómico que resultan de aplicación para o territorio municipal de Trabada (artigo 63.2.e da LSG), sen prexuízo de incorporar normativa específica do PBM con base no estudo pormenorizado do territorio e nas indicacións dos informes sectoriais preceptivos (artigo 149.1.e do RLSG).
- Segundo consta no Catálogo de Patrimonio Cultural do PBM, o documento cataloga o seguinte número de elementos:

Tipo do elemento	Nº elementos PBM	Nº elementos en concellos limítrofes*	Afeccións
Territorio histórico (HCO)	1	-	Zona de protección do contorno e delimitación do territorio histórico
Arqueolóxico (ARQ)	21	4	Delimitación e contorno de protección
Arquitectónico (ART)	23	0	Delimitación e contorno de protección
Etnográfico (ETN)	14	0	Delimitación e contorno de protección

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



Artístico (ARS)	4	0	Delimitación e contorno de protección
--------------------	---	---	--

*Con contorno de protección ou zona de amortecemento dentro do municipio de Trabada

6. A documentación do PBM de Trabada cumpre coas determinacións establecidas polos artigos 63.2 da LSG e 149 do RLSG, e está adaptado ás determinacións das NNTTPP.

7. O PBM de Trabada atende ou xustifica as cuestións e determinacións relacionadas nos informes e consultas recibidos durante a súa tramitación.

8. En conclusión, o PBM de Trabada é un documento completo e axustado á lexislación vixente aos efectos de acadar a súa aprobación definitiva, logo do informe favorable da Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Á vista do anterior, infórmase favorablemente o Plan Básico Municipal do Concello de Trabada.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

